

GAÑADORA na categoría de BACHARELATO/FP

DOMINIQUE HAROUN LÓPEZ

IES Politécnico de Vigo

O CAMIÑANTE

Saín ás tantas da taberna do Moucho sen saber que pé ía diante e cal detrás.

E a miña Felisa... Ah! Se chego de volta, poñamos por caso, sen unha bola de pan baixo o brazo, ou sen ter levado o lixo fóra ou, xa non digamos, se entro pola porta pasada a unha e media da mañá co bafo fedendo a augardente, é moi de seu latir coma can cérbero, cando non zorrega co pau da vasoira no meu curuto. Entenderá vostede agora que bulise.

Virei a esquina e fun meterme nunha canella que coidaba que me serviría de atallo. A senda, escura e atafegante, ía e viña diante de min. Non sabería dicirlle canto camiñara cando oín o ruxir dunhas pisadas que semellaban ecoar ao meu lombo. «Alguén torceu a esquina e está a facer o mesmiño tra-xecto ca min», cavilei, espallando da miña mente a rareza dun camiñante nocturno por eses sitios, pois tamén el podía pensalo de min.

A medida que eu avanzaba, ía escoitando as pisadas cada vez máis preto de min. «O fulano terá que estirar as pernas un mundo, xa que camiña ao meu ritmo», dixen para min.

Apurei o paso, coas mans nos petos e a solapa levantada. O viandante buliu tamén. Aguilloado pola anguria, ollei por riba do ombreiro e, fugazmente, enxergueino. Unha figura escura seguíame arrimada ao muro. Botei á carreira sen rumbo, torcendo á esquerda e á dereita sen pensar noutra cousa que nas pisadas perseguidoras.

Non foi até chegar a unha calexa sen saída que virei para me enfrontar, con máis arrepío que bravura, á miña sombra. Proxectada na parede, cunha pose ridícula, a figura lóbrega ríase de min. O son das miñas zancadas aínda resoaba no ar.